

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

RESOLUCIÓN do 11 de xullo de 2019 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 23 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2018/19.

Pola Orde do 23 de abril de 2019 pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2018/19, e aprobáronse as bases desta convocatoria.

De acordo co establecido no artigo 10 desta convocatoria, as solicitudes foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria a cal acordou a exposición das listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, podendo as persoas interesadas formular, durante un prazo de 10 días, as reclamacións ou emendar as carencias ou deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Rematado este prazo, e de acordo co establecido no artigo 13 das bases da convocatoria, e atendendo á proposta elevada pola citada comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Artigo 1

Concederlles axudas de mobilidade complementarias, no marco do programa comunitario Erasmus+, ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia que se relaciona no anexo I desta orde e pola contía que se especifica.

As axudas aboaranse na conta bancaria indicada pola persoa interesada, unha vez acreditado, mediante certificación, que se encontra ao día no cumprimento das súas obri-



gas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Esta certificación poderá ser substituída pola declaración responsable que figura dentro do anexo I da Orde do 23 de abril, segundo se regula no artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2

O incumprimento total ou parcial, por parte das persoas beneficiarias, de calquera das condicións establecidas na Orde de convocatoria do 23 de abril de 2019 (DOG do 9 de maio), constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polas persoas beneficiarias ou solicitantes, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de julio de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO I Proposta de concesións

Apelidos	Nome	Centro	Contía adxudicada
Alamancos Millán	Breogán	EASD Ramón Falcón	495 €
Aneiros González	Pablo	EASD Mestre Mateo	1.125 €
Barajas Vela	María	CMUS Vigo	1.985 €
Blanco Martínez	Irene	ESCRBC de Galicia	1.670 €



Apelidos	Nome	Centro	Contía adxudicada
Carnés Mariño	Carmen	EASD Pablo Picasso	500 €
Couso Martínez	Miguel	ESAD de Galicia	825 €
Fernández Cambas	Aldana	EASD Mestre Mateo	1.475 €
Fialho Pérez	Marta	ESAD de Galicia	1.325 €
Freire Belgrave	Samantha	EASD Pablo Picasso	500 €
García Alonso	Iago	CSMU de Vigo	1.755 €
González Parada	Sara	EASD Mestre Mateo	1.170 €
Herrera Landaeta	Muriel	EASD Mestre Mateo	625 €
Hughes Sanmartín	Sabela	CSMU A Coruña	1.125 €
Iñiguez Dopico	Aida	EASD Pablo Picasso	390 €
Lamela Puente	Pablo	EASD Ramón Falcón	995 €
Martín López-Pardo	Emma Isabel	EASD Mestre Mateo	825 €
Millán Fontaiña	Miriam	CSMU A Coruña	975 €
Morales Rey	Kevin	CSMU A Coruña	1.727,5 €
Municipio Díaz	Agustín	ESCRBC de Galicia	990 €
Muñiz Boquete	David	EASD Pablo Picasso	890 €
Muñoz da Gloria	Alba	ESAD de Galicia	1.485 €
Ortiz García	Marina	CSMU de Vigo	1.490 €
Paz Pombar	Águeda	ESCRBC de Galicia	2.255 €
Ramos Campos	Helena	EASD Pablo Picasso	500 €
Ramos Miramontes	Lucía	EASD Mestre Mateo	975 €
Reboredo Ortega	Álvaro	ESAD de Galicia	1.485 €
Ribullen Viqueira	Natasha Xhagira	EASD Pablo Picasso	1.170 €
Rodríguez Álvarez	Ana	EASD Mestre Mateo	1.170 €
Rodríguez de Dios	Amparo	ESAD de Galicia	1.652,5 €
Sáinz Calviño	Carlos	EASD Pablo Picasso	1.325 €
Sánchez Morales	Beatriz	CSMU A Coruña	1.985 €
Soneira Ramos	Alicia	ESCRBC de Galicia	830 €
Suárez Gil	Ero	EASD Mestre Mateo	825 €
Vilela Piñeiro	Daniel	ESAD de Galicia	1.485 €
		Total	40.000 €

